

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZANOVE DE ABRIL DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
Escusa asistencia D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día dezanove de abril de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día cinco de abril do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 481/11 de don José Alvela Edreira

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio, de aproximadamente 32 m2 en planta, consistente en cambiar a cuberta colocando uralita e tella, en Silva de Arriba, en solo cualificado no PXOM como de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.



Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de vinte e catro euros con trinta e seis céntimos (#24,36#)

2.2.- Instancia num. 505/11 de don José de la Fuente Iglesias

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela, con base de pedra e reixa no fronte, de aproximadamente 52 mts e o resto con bloques, postes e arame, de aproximadamente 125 m2, e máis para a rehabilitación da súa vivenda, consistente no cambio do tellado, susbtituíndo a tella existente, no lugar de Castrelo, en solo rústico de protección agrícola (R-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: en canto á rehabilitación da vivenda non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos fadróns. Ademais en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica.

Polo que respecta as obras do cerramento deberán axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o eixe do vial municipal por ser un vial nivel IV en solo rústico; garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas, deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 0,60 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos vinte e catro euros con corenta e sete céntimos (#224,47#)

2.3.- Instancia num. 475/11 de don José Rodríguez Fouce e don Antonio Diaz Ramos

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Fins de Sales, solicitan licenza para proceder á agrupación e parcelación das parcelas 462, 463 e 464 de concentración parcelaria de San Fins , situadas en Nande, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) e solo rústico de protección agropecuaria (R-2) segundo o PXOM, en oito parcelas resultantes, segundo o proxecto técnico presentado redactado polo arquitecto don José Manuel Arias Illanes

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais, xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden, á cantidade de catrocentos oitenta (#480,00#) euros



2.4.- Instancia num. 415/11 de dona M^a. Del Carmen Gestoso Parada

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para proceder á parcelación da finca num. 943 de concentración parcelaria de Sarandón, situada en Caxaraville, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) , solo rústico de protección forestal (R-3) e solo rústico de protección agropecuaria (R-2) segundo o PXOM, en dúas parcelas resultantes , de acordo co proxecto técnico presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Bellet García.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros

2.5.- Instancia num. 523/11 de dona Sonia Villaverde Cutrín

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Ames, solicita licenza para a construción de canalización para conexión a saneamento, de aproximadamente 70 mts de lonxitude, en Cibrán.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: para a execución da acometida construírase unha arqueta de rexistro pegada á liña e peche e situada na vía pública. O conducto irá transversal á rúa desde a arqueta ata o sumidoiro ou preferiblemente ao pozo do rexistro; tanto a arqueta como o conducto terán sección suficiente para permitir o seu correcto funcionamento; a acometida deberá conducir separadamente as augas pluviais e as residuais; o efluente deberá reunir as condicións fisico-química que se especifican no regulamento de verquidos municipal: a arqueta deberá ser dun deseño e forma que permita a toma de mostras do efluente. Ademais deberase proceder á reposición do pavimento deixándoo nas mesmas condicións nas que se atopaba.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trinta e un euros con cincuenta e tres céntimos (#31,53#).

3º.- Acordo, se procede, sobre concesión de licenzas de apertura

3.1.- Licenza para *velatorio* en San Pedro de Sarandón

Examinado o expediente promovido por don Manuel Barco Carril en representación da Asociación de Veciños "San Pedro", segundo a súa solicitude núm. , para licenza de actividade de *Velatorio* no lugar de San Pedro (San Pedro de Sarandón), .

Tendo en conta que se trata dunha actividade inócua e que non se atopa expresamente incluída no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental. Visto o informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais.

De conformidade co disposto na lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Licenza da actividade:



1º.- Conceder á Asociación de Veciños “San Pedro”, a licenza de apertura para *velatorio* no lugar de San Pedro (San Pedro de Sarandón), nos termos da documentación presentada e tendo en conta que os terreos onde se pretende levar a cabo a actividade axústanse á ordenación e cualificación urbanística prevista no vixente PXOM, téndose emitido informe en sentido favorable polos Servizos Técnicos Municipais; tendo en conta a autorización emitida pola Consellería de Sanidade; á vista da resolución de non necesidade de sometemento da actividade ao trámite de incidencia ambiental; así mesmo as medidas propostas polo solicitante na documentación aportada ao expediente enténdense axeitadas.

O prazo para o comezo da actividade será de 3 anos a contar dende o acordo de concesión.

A actividade respectará as seguintes medidas correctoras:

1.- O local terá uso exclusivo de velatorio e non seu funcionamento aterase ao disposto no Decreto 134/1998, do 24 de abril, sobre policía sanitaria mortuoria.

2.- Respectarase o aforo máximo permitido de 27 ocupantes.

3.- Tódolos residuos xerados serán entregados a xestor autorizado.

4.- Empregaránse desinfectantes rexistrados no Ministerio de Sanidade e Consumo.

5.- Deberá solicitar perante Augas de Galicia, autorización de vertido por infiltración no terreo, de ser o caso.

2º.- Acordar a exención das taxas de tramitación correspondentes ao tratarse dunha actuación de interese público.

3.2.- Licenza para apertura de aula docente en San Pedro de Sarandón

Examinado o expediente promovido por don Diego García Piñeiro, segundo as súas solicitudes núm. 460/11 e 461/11, para licenza de obra e apertura de AULA DOCENTE no lugar de San Pedro (San Pedro de Sarandón).

Tendo en conta que se trata dunha actividade inócua e que se atopa expresamente excluída no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental.

De conformidade co disposto na lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Licenza de apertura:

1º.- Concederlle a don Diego García Piñeiro, a licenza de apertura para *aula docente* no lugar de San Pedro (San Pedro de Sarandón), nos termos da documentación presentada e tendo en conta que os terreos onde se pretende levar a cabo a actividade axústanse á ordenación e cualificación urbanística prevista no vixente PXOM, téndose emitido informe en sentido favorable polos Servizos Técnicos Municipais; así mesmo as medidas propostas polo solicitante na documentación aportada ao expediente enténdense axeitadas.

O prazo para o comezo da actividade será de 3 anos a contar dende o acordo de concesión.

2º.- Aprobar a liquidación das taxas de tramitación correspondentes, que ascenden a cento cincuenta euros (#150,00#) que deberá ser ingresada nas arcas municipais, requisito sen o cal esta autorización surtirá efecto algún..



2.- Licenza da obra:

A obra solicitada por D. Diego García Piñeiro con domicilio en San Pedro, consistente en *aula docente*, situada no lugar de San Pedro, San Pedro de Sarandón, deste termo, emprazada en SOLO DE NÚCLEO RURAL (N-1), segundo o proxecto técnico presentado, redactado pola Arquitecta Técnica, D^a Olivia Souto Freiria e con un orzamento de **9.760,11** euros, cumpre o establecido no Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente no Concello de Vedra para o uso que se solicita. O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data de concesión da licenza.

As obras axustaranse ás seguintes condicións:

-Construírse de acordo co proxecto presentado.

-Así mesmo deberá colocar un cartel indicador no que se fagan consta-los datos dos técnicos directores e contratista, ordenanza que se aplica, destino da construción, data da licenza, prazo de execución das obras, nº de plantas autorizadas e número de expediente.

En relación ó Real Decreto 314/2006 polo que se aproba o Código Técnico da Edificación comprobouse que o proxecto sobre o que informa está completo en relación ó contido CTE en canto que fai referencia a tódolos documentos básicos do mesmo e comprobouse o cumprimento do Documento Básico en caso de incendio DB-SI e do Documento Básico de Utilización DB-SU por considerar que é o único sobre o que ten obrigación de informar o Concello.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento noventa e cinco euros con vinte céntimos (#195,20#).

4º.- Acordo, se procede, sobre certificación de obras

4.1.- Certificación nº 2 da obra *Ampliación da rede de alumbrados en Sarandón, Fornelos e Argunte* (código 10.2100.0242.0) do POS 2010

Dáse conta da certificación num. 2 da obra *Ampliación da rede de alumbrados en Sarandón, Fornelos e Argunte* (código 10.2100.0242.0), e máis da factura num. 2011130 da empresa adxudicataria da obra Electricidad Cruceiro, S.L, por acopio de materiais , ao abeiro do establecido no artigo 215.2 da Lei 30/2007, de contratos do sector público (LCSP) e na base 31.4.2 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de obras comprendidas en Plans Provinciais ([www.dicoruna.es/contratación/pregos tipo](http://www.dicoruna.es/contratación/pregos_tipo)), por importe de catorce mil douscentos tres euros con cincuenta e nove céntimos (#14.203,59#).

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

4.2.- Factura num. 2011112 de Electricidad Cruceiro, S.L

Dáse conta da factura num. 2011112 de Electricidad Cruceiro, S.L correspondente á obra Mellora de la eficiencia energética en el A.P de Ponte Ulla, financiada polo INEGA ao abeiro da Resolución do 21 de xullo de 2010 polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión , en réxime de concorrencia competi-



tiva, de subvencións a proxectos de aforro e eficiencia enerxética correspondentes ao exercicio 2010, cofinanciadas polo FEDER no marco do programa FEDER-Galicia 2007-2013 (DOG num. 143/10, do 28 de xullo), por importe de corenta e oito mil seiscentos vinte e oito euros con corenta e cinco céntimos (#48.628,45#).

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada factura.

5º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación do contrato de servizos de axuda no fogar

Visto que con data 25/01/2011 a Xunta de Goberno Local aprobou o prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para a adxudicación do contrato de servizos consistente na prestación dos servizos de axuda no fogar, por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación

Visto que con data 02/02/2011 publicouse anuncio de licitación no BOP (Nº 22/11, do 2 de febreiro) e no Perfil do Contratante (www.dicoruna.es), presentándose en prazo as proposicións que constan no expediente

Visto que con data 28/03/2011 constituíuse a Mesa de Contratación, e á vista da valoración das propostas en función dos criterios establecidos na base 12 do prego de condicións técnicas, realizou proposta de adxudicación a favor de SOCYSER (COESCO-DEZA, S.L)

Visto que de acordo co establecido no art. 135.3 da Lei 30/2007, de contratos do sector público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día cinco de abril, acordou clasificar as proposicións económicas presentadas polos licitadores, de conformidade co seguinte orde decrecente:

- 1.- SOCYSER, S.L (COESCO-DEZA, S.L): 21,35 puntos.
- 2.- UTE L´ONADA-FISS CORUÑA : 16,47 puntos.
- 3.- SERVICIOS Y MATERIALES, S.A: 12,50 puntos.
- 4.- MEULAR SERVICIOS ASISTENCIAIS, S.L.U: 11,43 puntos
- 5.- SERVICIOS SOCIAIS ULLA SAR, S.L: 5,83 puntos
- 6.- COBRA SERVICIOS AUXILIARES, S.A: 1,58 puntos

Visto que SOCYSER (COESCO-DEZA, S.L) , como licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa (na memoria detalla mellor o seguimento e coordinación do servizo; máis persoal técnico complementario e non obrigatorio en plantilla para apoio do servizo; máis estabilidade no emprego; maior experiencia na administración pública na prestación de servizos de idéntica natureza e outros) presentou en prazo a documentación requirida

Visto o informe de Secretaría e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da LCSP, a Xunta de Goberno acorda:

PRIMEIRO.- Adxudicar á empresa SOCYSER o contrato de servizos consistente na prestación dos servizos de axuda no fogar, por procedemento aberto, atendendo á oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, no seguinte prezo :

-Libre concurrencia de luns a sábado ata as 14:00 horas: 12,98 euros/hora máis IVE

-Dependentes de luns a sábado ata as 14:00 horas: 12,98 euros/hora máis IVE



-Dependentes sábados a partir das 14:00 horas, domingos e festivos: 14,00 euros/hora máis IVE.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto con cargo á partida 231-227 do orzamento vixente de gastos

TERCEIRO.- Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios e autorizar a devolución da garantía provisional prestada por eles

CUARTO.- Notificar a SOCYSER (COESCO-DEZA, S.L), adxudicatario do contrato, a presente resolución e citalo para a sinatura do contrato

QUINTO.- Publicar a adxudicación do contrato de servizos no Perfil do Contratante e no BOP

SEXTO.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

SÉTIMO.- Remitir ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma unha copia certificada do documento no que se formalízase o contrato, xunto cun extracto do expediente de que se derive, dentro dos tres meses seguintes á formalización do contrato

6º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvención destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais

Dáse conta da Orde da Consellería de Traballo e Benestar, do 3 de marzo de 2011 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2011 (DOG num. 62/11, do 29 de marzo)

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda:

PRIMEIRO- Solicitarlle á Consellería de Traballo e Benestar , as seguintes axudas para o mantemento de servizos sociais comunitarios:

-PERSOAL.....	36.039,46 €.
-MANTEMENTO.....	600,00 €.
-AXUDA NO FOGAR:	
-Prestación básica.....	17.071,64 €.
-Persoas valoradas como dependentes.....	124.727,00 €.
-REALIZACIÓN DE PROGRAMAS:	
-Intervención Comunitaria.....	3.000,00 €.
-Intervención con colectivos específicos.....	9.700,00 €.

O concello comprométese a consignar no seu orzamento as contías correspondentes a súa achega (incluída a procedente doutras administracións), da seguinte maneira:

-PERSOAL.....	69.649,14 €.
-AXUDA NO FOGAR:	
-Prestación básica.....	16.048,00 €.
-Persoas valoradas como dependentes.....	10.000,00 €.
-REALIZACIÓN DE PROGRAMAS	



-Emerxencia Social.....	9.000,00 €.
-Intervención con colectivos específicos.....	14.300,00 €

En consecuencia, o orzamento total por programas e investimentos para Servizos Sociais Comunitarios é o seguinte:

A) PERSOAL:.....	105.688,60
€.	
B) MANTEMENTO:	600,00
€.	
C) AXUDA NO FOGAR:	
-Prestación básica.....	33.119,64 €.
-Persoas valoradas como dependentes.....	134.727,00 €.
D) XESTIÓN DE PROGRAMAS:	
-Emerxencia Social.....	9.000,00 €.
-Intervención Comunitaria.....	3.000,00 €.
-Intervención con colectivos específicos.....	24.000,00 €

GASTO TOTAL POR TÓDOLOS CONCEPTOS: 310.135,24 €.

7º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

7.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data catro de abril do ano que andamos, pola que se aproba o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para a obra de *Ampliación da rede de alumeado público en Bazar, San Miguel de Sarandón e San Pedro de Sarandón e medidas complementarias de aforro enerxético, incluída no POS 2011*, autorizar o gasto e solicitar ofertas a empresas.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data oito de abril do ano que andamos, pola que se aproba o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para a obra de *Mellora e acondicionamento de viais en Dozar, Romarís, Outeiro, A Revoltiña, Paradela, Trobe e San Miguel de Sarandón*, incluída no POS 2011, autorizar o gasto e solicitar ofertas a empresas.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data once de abril do ano que andamos, pola que acorda non iniciar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística respecto as actuacións que se levan a cabo por dona Mónica Camino Vázquez en Tomonde, consistentes na rehabilitación parcial da vivenda ao axustarse á licenza concedida pola Xunta de Goberno de data 03/08/2010 (licenza 13/2010)

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.4.-Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data doce de abril do ano que andamos, pola que se aproba o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para a obra de *Construción dun pozo de bombeo de augas residuais en Paradela*, incluída no POS 2011, autorizar o gasto e solicitar ofertas a empresas.

A Xunta de Goberno dáse por enterada



7.5.-Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data doce de abril do ano que andamos, pola que se aproba o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para a obra de *Ampliación da rede de saneamento en Outeiro*, incluída na 1ª anualidade do PCC 2008-2011, autorizar o gasto e solicitar ofertas a empresas.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.6.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data doce de abril do ano que andamos, pola que se aproba , mediante trámite e urxencia e por procedemento de libre concorrência, a atención domiciliaria a don José Quián Otero e á súa dona dona Purificación Prado Barcala, cunha intensidade de 55 horas/mensuais, quedando exentos de pagamento en función da súa capacidade económica.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.7.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data doce de abril do ano que andamos, pola que se acorda solicitar unha subvención dentro da convocatoria do programa de Deputación provincial para socorrismo e limpeza de praias para o ano 2011.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

8º.- Outros asuntos

8.1.- Comunicación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras

Dáse conta da comunicación da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, no que expoñen que con motivo dos programas de implantación dos novos servizos (SIMu e SIME) no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, esa D.X estimou conveniente facer un reaxuste das liquidacións inicialmente establecidas, sendo as achegas do noso concello desde abril a decembro de 2011 as seguintes:

Sistema tarifario integrado	2.677,00 euros
S.I. Municipal 2011	0
S.I. Metropolitano 2011	2.111
Déficit/Superavit acumulado a 31/12/2010	-251,78 euros
Achega 2011	5.039,78 euros

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada liquidación..

Conclúe ao fio das vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos

